



### CONCELLOS

#### RIBEIRA DE PIQUÍN

##### Anuncio

Ó non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ó publico, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo) relativo á aprobación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de centro de día para persoas maiores do Concello de Ribeira de Piquín, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Ribeira de Piquín, a 26 de marzo de 2019. O Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN

#### Artigo 1. Natureza, obxecto e fundamento

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, e de conformidade co disposto nos artigos 24 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como, o disposto na Lei 8/1989, de 13 de abril, de Tasas e Prezos Públicos, este Concello de Ribeira de Piquín establece o prezo público pola prestación dos servizos no Centro de Día de Ribeira de Piquín, que se rexirán pola presente ordenanza e cuxas normas atenden ao previsto no citado Real Decreto Legislativo 2/2004.

#### Artigo 2. Feito imponible

O prezo público a que se refire esta ordenanza esixirase pola prestación do servizo consistente na atención no Centro de Día de titularidade municipal de Ribeira de Piquín.

#### Artigo 3. Suxeitos pasivos

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulado na presente ordenanza quenes utilicen ou se beneficien dos servizos e actividades prestadas ou realizadas no Centro de día de titularidade municipal, ou ben os seus titores legais, de ser o caso.

#### Artigo 4. Tarifas

Para os efectos de determinar os prezos aplicables aos distintos servizos que se prestarán no centro de día diferenciaranse os seguintes:

##### A) SERVIZOS DE MANUTENCIÓN E TRANSPORTE

Servizos	Custo mínimo do servizo
Almorzo	22 euros/mes
Comida	110 euros/mes
Merenda	44 euros/mes
Transporte	176 euros/mes

## B) SERVIZO DE ASISTENCIA

Servizos	Custo mínimo do servizo
Dependencia moderada	0 euros/mes
Dependencia severa	5 euros/mes
Gran dependencia	10 euros/mes

Entendéndose por dependencia moderada, severa e gran dependencia as persoas que se atopan nalgunha das situacións seguintes ou similares:

<p><u>Dependencia moderada</u> (A persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria polo menos unha vez ao día ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal)</p>	<p>Para determinar de entre estas tres escalas a situación na que se atopa cada un dos usuarios do centro de día, terase en conta o informe emitido polo/a traballador/a social do concello segundo o baremo establecido para o efecto e que se indica a continuación:</p>	
	Lavarse	<p>Non recibe axuda no baño. Precisa axuda para lavar unha parte do corpo (as costas ou algunha extremidade incapacitada). Precisa axuda para lavar máis dunha parte do corpo, para entrar ou saír da bañeira, ou non pode bañarse soa.</p>
<p><u>Dependencia severa</u> (A persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria dúas ou tres veces ao día pero non require o apoio permanente dun cuidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal)</p>	Arranxarse	<p>Non recibe axuda para lavarse a cara, mans, dentes, peitearse, afeitarse e maquillarse. Precisa axuda para limpar dentes, peitearse, afeitarse, maquillarse. Precisa axuda para todas as actividades anteriores.</p>
	Vertirse (inclúe coller roupa de armarios e caixóns)	<p>Non precisa axuda para coller roupa, poñela, poñer complementos, abotoarse, atar os zapatos. Precisa axuda para coller roupa, vestirse algunha peza ou complemento, atar os zapatos. Precisa axuda para coller a roupa e vestirse.</p>
<p><u>Gran dependencia</u> (A persoa necesita axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial necesita o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal)</p>	Usar o retrete	<p>Non precisa axuda para ir ao retrete, limpase e coloca a roupa sen axuda (pode usar barra de apoio, bastón, etc.), e pode manexar cuñas ou orinais. Precisa axuda para ir ao retrete ou na limpeza, colocación da roupa, uso da cuña ou orinal. Non pode realizar ningunha das anteriores actividades.</p>
	Deambular	<p>Non precisa axuda para camiñar menos de 50 metros, aínda que se axude con bastón, muletas, próteses ou andador sen rodas. Precisa axuda física ou supervisión para camiñar máis de 50 metros. Fai uso de cadeira de rodas ou non realiza ningunha das anteriores actividades.</p>
	Escaleiras	<p>Non precisa axuda física ou supervisión para subir e baixar escaleiras, aínda que se axude de muletas ou bastóns ou se apoie en varanda. Precisa axuda física ou supervisión. Non sobe nin baixa escaleiras.</p>
	Trasladarse	<p>Non precisa axuda para ir da cadeira de brazos á cama, ou empregar a cadeira de rodas. Precisa mínima (unha persoa) axuda física ou supervisión. Precisa grande axuda (dúas persoas) aínda que é capaz de manterse sentada ou non realiza ningunha das anteriores actividades.</p>
	Micción (valorar situación semana previa)	<p>Controla a micción ou non precisa axuda para coidarse da sonda ou colector. Precisa axuda para administrarse supositorios ou lavativas, ou ten incontinencias ocasionais (menos dunha vez á semana). Ten incontinencias (máis dunha vez á semana), necesita doutra persoa para administrar lavativas, etc.</p>
	Deposición (valorar semana previa)	<p>Controla esfínteres. Precisa axuda para administrarse supositorios ou lavativas, ou ten incontinencias ocasionais (menos dunha vez á semana).</p>

		Ten incontinencia (máis dunha vez á semana), necesita doutra persoa para administrar lavativas, etc.
	Alimentación	Non precisa axuda para comer. Precisa axuda para cortar carne, o pan, estender manteiga, etc. Precisa axuda para comer ou aliméntase parcial ou totalmente por tubos ou intravenosamente.

### C) IMPORTE A APLICAR PARA OBTER O CUSTO TOTAL DOS SERVIZOS

Establécese un incremento do custo mínimo dos servizos do centro de día para obter o custo total dos mesmos, a abonar polos usuarios en función da súa capacidade económica referida ao IPREM.

Capacidade económica (referida ao IPREM)	Incremento a abonar
Renda inferior ou igual ao 100% do IPREM	0 euros
Renda superior ao 100% do IPREM e inferior ou igual ao 180% do IPREM	66 euros/mes
Renda superior ao 180% do IPREM e inferior ou igual ao 250% do IPREM	110 euros/mes
Renda superior ao 250% do IPREM	154 euros/mes

Para o cálculo do importe a aplicar para obter o custo total dos servizos terase en conta a renda anual das persoas usuarias do centro de día, a ditos efectos teranse en conta os seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Para o cómputo da renda e do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

En canto ás tarifas correspondentes ao servizos de asistencia e o incremento a aplicar para obter o custo total dos servizos, efectuarase unha revisión anualmente das circunstancias que se tiveron en conta para determinar a cuantía das tarifas que corresponde aplicar a cada usuario.

En calquera momento e para o caso en que polo/a traballador/a social do concello se detecte unha variación dos datos ou circunstancias que se tiveron en conta para a aplicación das tarifas, procederá unha nova baremación e actualización das mesmas.

### Artigo 5. Devengo e ingreso

Os prezos públicos regulados na presente ordenanza devengarase no momento en que se outorgue a prestación do servizo.

O pagamento destes prezos públicos realizarase a mes vencido, prorrateándose por días naturais cando a alta ou a baixa no servizo non se corresponda co primeiro ou co último día do período. O pagamento realizarase por domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do servizo, por escrito, no momento da solicitude.

O pagamento da cota realizarase na súa totalidade en concepto de reserva de praza por ausencias voluntarias, as ditas ausencias non poderán ter unha duración superior e conxunta a 42 días no ano, e deberán ser previamente comunicadas cun mínimo de 10 días de antelación ao/á responsable do centro, e nos supostos de ausencias temporais.

Nos casos de ausencias obrigadas, sempre que se fundamenten en causas debidamente xustificadas (acontecementos sobrevidos, forza maior, etc) ata un máximo de 3 meses, a persoa usuaria estará exento do pagamento no correspondente ó primeiro mes.

Será causa de extinción do servizo o non pagamento de dous meses (sexan estes consecutivos ou non) sen causa xustificada.

**Artigo 6. Impago do prezo público**

As débedas por impago dos prezos públicos establecidos nesta ordenanza poderán esixirse mediante o procedemento administrativo de apremio, conforme á normativa vixente.

**Disposición final única**

A entrada en vigor da presente Ordenanza producirase dende o mesmo día da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

R. 0902

*Anuncio*

Ó non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ó público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo) relativo á aprobación do Regulamento de funcionamento do centro de día para persoas maiores do Concello de Ribeira de Piquín, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Ribeira de Piquín, a 26 de marzo de 2019. O Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

**REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Esta ordenanza ten por obxecto regular o funcionamento do Centro de Día para persoas maiores do Concello de Ribeira de Piquín, e establecer os requisitos e procedemento necesarios para acceder aos seus servizos.

O aumento da esperanza de vida no colectivo de persoas maiores experimentada nos últimos anos fai necesaria a creación de centros nos que se atenda de forma específica as súas necesidades.

Non en vano, xa a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea sinala no seu artigo 25, adicado aos dereitos das persoas maiores, que a Unión recoñece e respeta o dereito das persoas maiores a levar unha vida digna e independente e a participar na vida social e cultural.

Asimesmo, a Constitución Española, no seu artigo 50, sinala que os poderes públicos promoverán o benestar dos cidadáns durante a terceira idade mediante un sistema de servizos sociais que atenderá os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.

Neste sentido, o Concello de Ribeira de Piquín faise eco da realidade existente e da presenza neste municipio dun crecente número de persoas maiores e/ou dependentes con necesidades de integración social e participación activa na vida comunitaria, dándolle resposta as mesmas coa creación do Centro de Día de Ribeira de Piquín, consituíndo un centro de servizos sociais de proximidade, de carácter socio-rehabilitador e de estancia diúrna para maiores con perda da súa autonomía física ou psíquica, sempre e cando non se trate de persoas maiores que requiran coidados que non formen parte das pretacións dun centro de día.

En base ó exposto, este concello, no uso da potestade que lle atribúe o artigo 4.1 a) da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, procedeu a elaborar o presente Regulamento de Funcionamento do Centro de Día para persoas maiores de Ribeira de Piquín.

**CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS****Artigo 1. Obxecto e Fundamento Legal**

Esta ordenanza ten como obxecto regular o funcionamento do Centro de Día para persoas maiores de Ribeira de Piquín, e establecer os requisitos e procedemento necesarios para acceder aos seus servizos.

A fundamentación legal vén determinada polo disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia; a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

**Artigo 2. Definicións**

Para os efectos do disposto neste regulamento considéranse Centros de Día os equipamentos destinados á atención diurna de persoas maiores con perda da súa autonomía física ou psíquica que, residindo nos seus

proprios fogares, precisen dunha serie de coidados e atención de carácter persoal, terapéutico ou social, tal e como os define a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprilos centros de atención a persoas maiores.

### **Artigo 3. Titularidade e Datos de Centro**

Entidade titular do centro: Concello de Ribeira de Piquín-Nº inscrición no rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais: E0644.

Representante legal: Roberto Fernández Rico, Alcalde-presidente do Concello de Ribeira de Piquín

Tipoloxía do centro: Centro de Día para persoas maiores

Capacidade: 20 prazas

Datos de contacto: Dirección: Chao de Pousadoiro, s/n – C.P. 27242 – Ribeira de Piquín (Lugo)

Teléfono: 982-333601

Fax: 982-333735

E-mail: [concello@ribeiradepiquin.es](mailto:concello@ribeiradepiquin.es)

Autorizacións: Autorización para creación/construcción do centro emitida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia con data 14 de xullo de 2017.

Tipo de xestión: Directa

### **Artigo 4. Obxectivos**

#### **4.1. Obxectivo xeral**

O obxectivo xeral do centros de día é prestarlle atención integral, en xornada diúrna, a aquelas persoas maiores que, aínda faltas da suficiente autonomía persoal, manteñen un medio de vida familiar suficiente ou, senón, un contorno social que lles serve de apoio e que non lles fai precisar o seu ingreso nunha residencia para maiores.

#### **4.2. Obxectivos específicos**

- Manter as persoas integradas e vinculadas co seu medio familiar e social.
- Fomentar a autonomía social, física e cognitiva previndo ou freando o deterioro das súas facultades.
- Evitar ou atrasar o momento do ingreso en residencia da terceira idade.
- Apoiar os/as familiares e/ou coidadores habituais do/a ancián/á ofrecendo un apoio asistencial.
- Mellorar o benestar físico e mental.
- Complementar o programa de atención domiciliaria.
- Facilitar a participación na vida social e comunitaria.
- Promover a convivencia, a solidariedade e a axuda mutua entre maiores en distintas condicións de autovalemento.
- Contrarrestar o illamento e a pasividade.
- Establecer actuacións que maximicen as aptitudes vitais das persoas usuarias.
- Facilitar relación solidarias e de axuda mutua entre as persoas residentes.

## **CAPÍTULO II: PRESTACIÓNS, PROFESIONAIS QUE INTERVEÑEN E RÉXIME DE INCOMPATIBILIDADES**

### **Artigo 5. Prestacións do Centro de Día**

O centro de día ofertará unha atención integral e polivalente, abarcará diferentes necesidades da persoa usuaria, apoiará e estimulará os aspectos de comunicación humana, a autoestima e a mellora das condicións de vida.

Todas as atencións e actividades ás que se fai referencia neste artigo aplicaranse sempre con carácter complementario das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato; non eliminarán nin substituirán as actividades que o público usuario poida realizar, e en ningún caso suplantarán as responsabilidades familiares.

As actividades que se desenvolvan no centro de día poderán ser complementarias doutras intervencións realizadas polos/as distintos/as profesionais doutros programas ou proxectos dos Servizos Sociais Municipais.

As prestacións que se ofrecen no centro de día concretaranse nos seguintes módulos de atención:

**5.1.- MÓDULO DE PRESTACIÓNS SOCIAIS:**

- Información e asesoramento.
- Acollemento e orientación á persoa usuaria.
- Relación permanente coa familia.
- Seguimento do caso.
- Coordinación cos servizos sociais comunitarios e/ou especializados.

**5.2.- MÓDULO DE ATENCIÓN PERSOAL E ESTIMULACIÓN/REHABILITACIÓN FÍSICA E COGNITIVA:**

- Adestramento en habilidades para favorecer modos de vida independentes.
- Realización de tarefas para o mantemento e recuperación das habilidades precisas para a realización das actividades da vida diaria.
- Aplicación e establecemento de condicións ambientais para mellorar a orientación témporo-espacial.
- Colaboración na correcta administración do tratamento médico prescrito.
- Apoio nas actividades da vida diaria.
- Realización de exercicios de rehabilitación menor, encamiñados ao mantemento e á recuperación da autonomía funcional.
- Realización de actividades de terapia ocupacional.
- O aseo diario con carácter xeral realizarse no domicilio. Porén, no caso de que sexa necesario realizarse no centro de día.

Atenderanse as necesidades nutricionais das persoas usuarias, conforme o seu estado orgánico e metabólico, segundo as indicacións dos facultativos que correspondan.

**5.3.- MÓDULO DE SOCIALIZACIÓN E PARTICIPACIÓN****5.3.1.- Relacións persoais:**

- Creación de grupos de diálogo, seguimento e avaliación das actividades desenvolvidas no centro de día fomentando as relacións interpersoais.
- Encontros con outros colectivos e planificación de actividades comúns.
- Celebracións de festas, aniversarios, etc.

**5.3.2.- Ocio e cultura:**

- Organización de xogos e actividades de ocio.
- Audicións musicais.
- Audiovisión de películas.
- Grupos de lectura.
- Recollida e exposicións de fotografías.

**5.3.3.- Actividades creativas:**

- Talleres diversos de: debuxo, pintura, traballos manuais, etc.
- Taller de estimulación cognitiva.

**5.4- MÓDULO DE PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS:**

- Transporte

**Artigo 6. Profesionais que interveñen**

- \* O/a Traballador/ra social do concello.
- \* O número de persoal de atención directa necesario segundo o establecido na normativa vixente e pola que se regulan as ratios globais e específicas para persoal centros de día.
- \* Aqueloutro persoal cualificado e contratado para a prestación de determinados servizos no centro de día (fisioterapeuta, personal de limpeza, monitores para a realización de diferentes actividades que se organicen,...).

O centro funcionará baixo a coordinación dun/unha director/a ou persoa responsable, que será nomeada a tal efecto polo Concello de Ribeira de Piquín, e será dada a coñecer aos residentes en todo momento.

## Artigo 7. Réxime de incompatibilidades

As prazas do centro de día serán incompatibles con calquera dos servizos e libranzas do sistema para a promoción da autonomía persoal e atención á dependencia, a excepción do servizo de teleasistencia, do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e do servizo de axuda no fogar dependencia, cos requisitos e as limitacións establecidas na Orde do 19 de abril de 2013, pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOGA núm. 86, de data 6/05/2013).

Naqueles supostos nos que á persoa beneficiaria se lle recoñece o dereito ao acceso a servizos e/ou libranzas do sistema para a promoción da autonomía persoal e a atención á dependencia, a excepción do servizo de teleasistencia e dos servizos de prevención e promoción da autonomía persoal, o Concello manterá transitoriamente a súa condición de persoa usuaria do centro de día municipal ata que sexa atendida pola institución competente, quedando así establecido o carácter subsidiario deste servizo municipal con respecto ao catálogo de prestacións do sistema para a promoción da autonomía.

No referente a aquelas persoas usuarias do centro de día ou solicitantes de praza no centro de día (media xornada) que á súa vez sexan beneficiarias ou solicitantes do servizo de axuda no fogar libre concorrencia (e viceversa), serán obxecto de valoración por parte da comisión do servizo de centro de día, para os efectos de valorar a compatibilidade dos servizos naqueles supostos que, polas súas condicións obxectivamente demostradas, requiran un tratamento especial e coa finalidade de facilitar a asistencia e desfrute do servizo de centro de día, en todo caso, a asignación da intensidade dun e doutro servizo non será superior ao réxime de intensidades establecido para o sistema para a promoción da autonomía persoal e atención á dependencia.

### CAPÍTULO III: REQUISITOS E PROCEDIMENTO DE INGRESO

## Artigo 8. Condicións para o ingreso dos usuarios

Os requisitos necesarios que deberán cumprir as persoas solicitantes do ingreso no centro de día son os seguintes:

- a) Ter cumpridos 65 anos, ou excepcionalmente maiores de 60 anos, que pola súa situación especial de dependencia física, psíquica ou social precisen deste recurso.
- b) Ter residencia efectiva e estar empadroadado no Concello de Ribeira de Piquín. Este requisito omitirase no caso de que queden prazas vacantes para cubrir.
- c) Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa activa, enfermidade crónica en estado terminal ou que requira atención imprescindible nun centro hospitalario.
- d) Non padecer alteracións mentais ou perda de autocontrol predominante que poida perturbar gravemente a convivencia no centro e requira ser atendido nunha unidade especializada.
- e) Non ter sido sancionado con expulsión definitiva doutro centro residencial público, sempre que aquela sanción conleve a inhabilitación para calquera outra praza pública.

## Artigo 9. Presentación da solicitude e documentación

O acceso ao Centro de Día para persoas maiores de Ribeira de Piquín terá lugar mediante procedemento de libre concorrencia, a través dos Servizos Sociais municipais, os cales facilitarán o impreso de solicitude que se presentará, xunto coa documentación preceptiva, no Rexistro do Concello, sen prexuízo do establecido no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### Documentación que se deberá achegar coa solicitude:

- Informe médico actualizado, segundo modelo establecido, do seu estado físico e psíquico, coa posoloxía do tratamento farmacolóxico a subministrar e, de ser o caso, as dietas especiais a seguir, as axudas técnicas prescritas e as necesidades asistenciais e limitacións relevantes.
- Fotocopia cartilla sanitaria.
- Fotocopia DNI.
- Fotocopia do Libro de Familia.
- Certificado de empadramento e de convivencia.
- Fotocopia do Certificado de Discapacidade si o tivese.
- Fotocopia da Resolución da Valoración do Grao e Nivel de Dependencia si a tivese.

- Fotocopia da Resolución do Plan Individual de Atención si a tivese.
- Informes sociais e do entorno familiar.
- Datos da unidade familiar e dos contactos familiares.
- No caso de persoas que están incapacitadas legalmente, fotocopia da sentenza firme de incapacitación e do nomeamento do seu titor/a legal.
- No seu caso, declaración xurada do gardador de feito.
- Información dos datos bancarios e autorización asinada para o cobro dos servizos por parte do concello.
- Certificado de todos os ingresos procedentes de pensións ou patrimoniais.
- Fotocopia da última declaración da renda ou, senón, certificado de Facenda de non estar obrigado/a a declarar de todos membros da unidade de convivencia, a dita documentación poderá substituírse po unha autorización de consulta ao traballador/a social de referencia.
- Autorización para o tratamento dos datos de carácter persoal tanto do propio usuario como os do seu entorno familiar que serán tratados en un ficheiro de responsabilidade do centro.
- Autorización para os traslados aos centros hospitalarios no caso de urxencias médicas.
- En canto a pertenzas persoais, as persoas usuarias ou os familiares responsables achegarán ao Centro para a súa permanencia no mesmo: unha muda de roupa, un neceser con utensilios de aseo (cepillo de dentes, peite, etc.), cuerios, en caso de ser precisos, e calquera outro material ou utensilio que precise para tal fin e sexa solicitado polo centro.
- A persoa usuaria ou a súa familia achegará ao Centro a medicación que nese momento deba estar tomando, sendo prescrita polo facultativo correspondente, para a preparación das doses que van a ser tomadas ao longo da semana. Calquera variación das mesmas ten que ser comunicado ao Centro de Día, e a nova dosificación asinada polo médico correspondente. A periodicidade das achegas será a indicada polo centro.
- Autorización de cesión de datos ós servizos sociais municipais, autorización expresa da persoa solicitante ou do/a seu/súa representante legal así como dos membros da unidade de convivencia para o acceso aos datos contidos en ficheiros e obter a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia Administración e doutras Administracións Públicas co obxecto de tramitar única e exclusivamente o procedemento.
- Con carácter excepcional e naqueles casos nos que a persoa solicitante non poida dispoñer da documentación acreditativa anteriormente mencionada, aportarase declaración xurada na que se faga constar a carencia absoluta de rendas familiares ou contías delas, así como de bens patrimoniais.

#### **Artigo 10. Tramitación e resolución**

1. Unha vez presentada a solicitude procederase á revisión da documentación achegada. Se a dita solicitude non reunise todos os datos e documentos preceptivos requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días, emenda a falta ou acompañe dos documentos requeridos, ou de consideralo pertinente, presente documentación aclaratoria da xa achegada, con indicación de que se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, arquivándose esta sen máis trámite nos termos establecidos no artigo 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
2. A solicitude e documentación presentada será estudada e valorada polo/a traballador/ra social do concello, que emiirá un informe escrito no que porá de manifesto se o interesado cumpre os requisitos sinalados para percibir as prestacións solicitadas e recollidas no servizo, así como a valoración de que a praza no centro de día é un recurso axeitado para as súas necesidades, e aplicará os criterios de puntuación para a admisión de solicitudes establecidos no anexo II deste regulamento.
3. O Alcalde-presidente, unha vez visto o informe social e a valoración, resolverá a adxudicación das prazas no centro de día, nun prazo máximo de quince días, ou resolverá a súa inclusión na listaxe de espera. Se transcorrido o dito prazo non se resolvera expresamente, considerarase desestimada a solicitude.

#### **Artigo 11. Listaxe de espera**

No caso de que a resolución da solicitude sexa positiva, e non haxa praza, a solicitude pasará á lista de espera nunha orde de prioridade que virá determinada pola puntuación acadada no informe social. En caso de igualdade na puntuación, a prioridade establecerase segundo os seguintes factores:

- Dispoñibilidade doutra prestación ou servizo.
- Capacidade económica.
- Dispoñibilidade dunha rede de apoio social.
- Idade, sendo preferente a persoa usuaria de maior idade sobre a de menor idade.
- Data de rexistro de entrada da solicitude do servizo.



No caso de que unha persoa solicitante supere o tempo dun ano na lista de espera, antes de proceder ao seu ingreso, será preceptiva unha nova avaliación da situación, realizada de oficio.

#### **Artigo 12. Reserva de prazas**

A persoa usuaria terá dereito a reserva de praza nos seguintes casos:

- Ausencias voluntarias: As ditas ausencias non poderán ter unha duración superior e conxunta a 42 días no ano, e deberán ser previamente comunicadas cun mínimo de 10 días de antelación ao/á responsable do centro.
- Ausencias obrigadas: Sempre que se fundamenten en causas debidamente xustificadas (acontecementos sobrevidos, forza maior, etc.) ata un máximo de 3 meses.

#### **Artigo 13. Causas de baixa no servizo**

Son causas de extinción da prestación do servizo de centro de día ás persoas usuarias as seguintes:

- a) A renuncia voluntaria. Os usuarios deberán anunciar a baixa voluntaria cun preaviso de 15 días de antelación. En caso contrario, ao facer a liquidación o centro poderá cobrar ata un máximo de 30 días como compensación.
- b) Falecemento.
- c) Ausencia continuada durante máis de 30 días naturais sen xustificación.
- d) Por padecer unha doenza infeto-contaxiosa ou ser recoñecido unha dependencia, física ou psíquica, que impida a súa atención e coidados no centro.
- e) Presentar cadros de alteracións de conducta que interfiran no normal funcionamento do centro.
- f) Por impago dos servizos básicos e/ou complementarios do centro un máximo de dous meses (sexan estes consecutivos ou non).
- g) Baixa forzosa determinada polo Concello de Ribeira de Piquín, polo reiterado incumprimento das normas contidas no presente regulamento, previa instrución do correspondente expediente, no que se lle dará audiencia ao interesado.
- h) As variacións substanciais do estado inicial de saúde no momento do ingreso da persoa usuaria, motivarán novas valoracións dos profesionais en relación a idoneidade do recurso. Baseándose niso, a dirección do centro, motivándose na proposta ponderada dos profesionais, poderá propoñer a baixa temporal ou permanente dos usuarios.

### **CAPÍTULO IV: DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS. CÓDIGO DE CONDUCTA**

#### **Artigo 14. Dereitos dos usuarios**

As persoas usuarias do centro de día terán os dereitos que se regulan no artigo 6 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, e ademais os seguintes:

- A acceder ao Centro e recibir asistencia sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- A consideración no trato, debida á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do Centro ou servizo como dos demais usuarios.
- Ao sixilo profesional acerca dos datos do seu historial sanitario e social.
- A realizar saídas ao exterior se as súas capacidades e/ou autonomía llo permite.
- A manter relacións persoais, incluído o dereito a recibir visitas.
- A unha asistencia acorde coas súas necesidades específicas.
- Á intimidade persoal en función das condicións estruturais do Centro.
- A deixar de utilizar os servizos ou abandonar o Centro por propia vontade, salvo existencia de declaración de incapacidade legal.
- A formular reclamacións.
- A presentar suxestións á dirección do Centro con propostas de mellora de servizos e actividades.
- A recibir unha información clara e completa sobre a organización do Centro, as súas condicións e as súas normativas e toda a información que sexa relevante para a súa estancia no mesmo, e tamén a ser informado de calquera cambio que poida orixinarse na dinámica de funcionamento do Centro e que lle afecten.
- A coñecer aos profesionais do Centro e a coñecer a quen pode dirixir as súas preguntas ou solicitar as informacións sobre as cuestións relacionadas co Centro e a súa organización.

#### **Artigo 15. Obrigas dos usuarios**

As persoas usuarias do centro de día, no marco que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, terán os seguintes deberes:

- Aportar toda documentación e/ou enseres solicitados polo centro.

- Cumprir as normas establecidas no presente regulamento.
- Observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia, colaboración e hixiene encamiñada a facilitar unha mellor convivencia, tanto no Centro como en calquera outro lugar onde se realicen as actividades organizadas.
- Colaborar na realización de determinadas tarefas que, sen supor un risco para a súa saúde nin para a finalización do tratamento, sirvan para mellorar a súa autonomía persoal e participación na vida do Centro.
- Cumprir os acordos e instrucións emanados da Dirección do Centro.
- Utilizar as instalacións axeitadamente, conforme ás normas do seu uso.
- Colaborar ao máximo no cumprimento das normas internas do Centro, e respectar as condicións do ingreso, estancia e saída do Centro, recollidas neste regulamento.
- Comunicar as saídas e ausencias con suficiente antelación.
- Aboar os prezos públicos establecidos no prazo indicado na correspondente ordenanza fiscal aprobada polo Concello de Ribeira de Piquín.

### Artigo 16. Normas de convivencia

O Centro de Día de Ribeira de Piquín pretende ser a casa de todas e cada unha das persoas que nel permanezan e crear un ambiente propicio que facilite o benestar físico, psíquico e relacional entre as persoas usuarias e traballadores .

Para iso é necesario unha correcta organización e unha serie de normas de convivencia, que a continuación se detallan:

- En beneficio de todos, as persoas usuarias deberán ser coidadosas coas instalacións do Centro de Día.
- Unha norma básica de convivencia consiste en lembrar sempre que a liberdade de cada un remata onde comezan os dereitos dos demais.
- As diferencias entre usuarios ou co persoal do Centro non deben resolverse con liortas, berros ou pelexas. Estes poderán acudir ao profesional máis próximo para intentar resolver os problemas que poidan aparecer entre eles.
- Deberán respectarse os horarios establecidos para cada actividade.
- Na medida do posible deberase facilitar a labor do persoal do centro.
- Aos traballadores non lles está permitido aceptar ningún tipo de regalo ou propina, polo que lle rogamos aos usuarios que non os peña en situación de ter que rexeitalos.
- Respectar a prohibición total de fumar que rexe en todo o centro.
- Os usuarios serán respectuosos co descanso dos demais.
- Prohíbese ter alimentos perecedoiros ou bebidas alcohólicas durante a estancia no Centro.
- Por razóns de seguranza, non está permitido utilizar aparellos eléctricos non autorizados pola Dirección do Centro.
- En caso de incendio os usuarios avisarán de inmediato ao persoal ou poderán utilizar os calcadores que se atopan repartidos polo centro para dar o sinal de alarma. Se chegase a ocorrer un sinistro, o persoal dará as instrucións de actuación necesarias aos usuarios.
- Co obxecto de evitar accidentes os usuarios procurarán deixar as torneiras pechadas e as luces apagadas ao saír do baño.
- Tanto por hixiene e salubridade, como por respecto aos demais, é imprescindible gardar as máis elementais normas de aseo persoal. A saúde de todos merece un comportamento claro e estrito ao respecto.
- O Centro non se fai responsable dos obxectos de valor, pertenzas ou diñeiro propiedade dos usuarios. Recomendamos aos mesmos tomen as medidas oportunas para ter no centro o estritamente necesario.
- Non están permitidas no centro as actividades con ánimo de lucro non autorizadas.
- Pola seguridade dos usuarios non se permitirá a entrada de persoas que non acrediten ningún tipo de relación co Centro ou coas persoas usuarias.
- O Centro funciona en réxime aberto, polo que os usuarios gozan de enteira liberdade de entrada e saída dos mesmos, coas únicas limitacións derivadas do horario de apertura e peche establecido, ou a limitación imposta polo estado físico ou supostos de incapacitación xudicial. As persoas usuarias poderán saír do Centro cando queiran avisando previamente ao persoal do Centro.

Estas normas de convivencia interpretaranse e adaptaranse, en cada caso, en función das capacidades das persoas usuarias segundo a súa situación de dependencia.

## CAPÍTULO V: HORARIO, RÉXIME ECONÓMICO E OUTROS

### Artigo 17. Horario do centro

O Centro de Día permanecerá aberto tódolos días laborables de 8.00 a 20 horas, como horario de referencia, establecéndose as seguintes quendas orientativas para a posible asistencia de persoas usuarias:

Entre 8:30 - 19:30.- Xornada Completa

Entre 8:30 - 13:00.- Media xornada de mañá sen comida

Entre 8:30 - 15:00 .- Media xornada de mañá con comida

Entre 13:30 - 19:30 .- Media xornada de tarde con comida

Entre 15:00 - 20:00.- Media xornada de tarde sen comida

Igualmente poderán establecerse e prestarse servizos por tempo inferior, horas, no concepto de Promoción da Autonomía Persoal (PAP). En todo momento, os usuarios do centro estarán en equilibrio coa ratio de persoal de aplicación.

Serán días festivos do Centro os establecidos no calendario laboral polo Estado, a Comunidade Autónoma e os festivos locais que aprobe cada ano a corporación local.

### Artigo 18. Prezo pola prestación do servizo

As persoas usuarias participarán no financiamento conforme os criterios establecidos na correspondente ordenanza fiscal reguladora da prestación de servizo do centro de día, regulándose así mesmo na dita ordenanza o prezo do servizo.

A obriga do pagamento nace desde o mesmo momento en que se inicia a prestación do servizo.

O pagamento do servizo efectuarase segundo o establecido na correspondente ordenanza fiscal.

### Artigo 19. Póliza de responsabilidade civil

O centro de día dispón, tal e como obriga o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia, dunha póliza de responsabilidade civil que garante a cobertura das indemnizacións ás persoas usuarias e sinistros do edificio.

### Artigo 20. Libro de rexistro

O centro dispón dun libro de rexistro de usuarios e de expedientes individualizados debidamente custodiados.

### Artigo 21. Buzón de suxestións

Os usuarios e as súas familias terán á súa disposición un buzón de suxestións que será debidamente dilixenciado pola dirección do centro.

### Artigo 22. Libro de reclamacións

O centro dispón dun libro de reclamacións, dilixenciado pola dirección do centro e á disposición dos usuarios.

## CAPÍTULO VI: RÉXIME DE SANCIÓN E INFRACCIÓN

### Artigo 23. Infraccións

Para efectos deste Regulamento, as infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Considéranse infraccións moi graves a reincidencia na comisión das graves, e calquera das que se indican a continuación:

- Unha perturbación relevante da convivencia coas demais persoas residentes no centro.
- Impedimento ou grave e relevante obstrución ao normal funcionamento deste servizo.
- Poner en perigo físico a calquera usuario ou ao persoal, sempre que medie dolo ou negligencia grave.
- Actos de deterioración grave e relevante nas instalacións do centro.
- Agresións ou malos tratos ás demais persoas que residen no centro ou ao persoal.
- Falsificar ou ocultar datos na documentación presentada na solicitude.

Considéranse infraccións graves a reincidencia na comisión de faltas leves, e as que se indican a continuación:

- Unha perturbación da convivencia coas demais persoas residentes no centro.
- Subtracción de bens.
- Entorpecemento das actividades do centro.
- Utilización nas instalacións do centro de ferramentas ou aparellos non autorizados.

Considéranse faltas leves todas aquelas infraccións a este Regulamento que non estean tipificadas nin como graves nin como moi graves, e:

- Alterar as normas internas de convivencia e respecto mutuo, creando situacións de malestar no centro.
- Utilizar de forma inadecuada as instalacións e medios do centro ou perturbar as súas actividades.

Aplicarase supletoriamente o réxime establecido na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, así como a regulación contida na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia.

#### **Artigo 24. Sancións**

A comisión de infraccións sancionase da forma seguinte:

*a) Infraccións leves:*

- Apercibimento público.
- Suspensión dos dereitos de participación das persoas usuarias ou restricción na participación nalgunhas actividades, por un período non superior a quince días.

*b) Infraccións graves:*

- Suspensión dos dereitos de participación das persoas usuarias ou restricción na participación nalgunha das actividades, por un período non superior a seis meses.
- Suspensión temporal da prestación do servizo, por un período non superior a tres meses.

*c) Infraccións moi graves:*

- Suspensión temporal da prestación do servizo, por un período non superior a seis meses.
- Revogación da adxudicación da praza pública, temporal ou definitivamente.

#### **Artigo 25. Prescrición**

- 1) As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses.
- 2) As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano.

#### **Disposición final única**

A entrada en vigor do presente Regulamento producirase dende o mesmo día da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

**ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE**

SOLICITUDE DE PRAZA NO CENTRO DE DÍA MUNICIPAL			
<b>SOLICITANTE</b>	NIF, DNI, Tarxeta de residencia	Nome e apelidos ou razón social	
	Enderezo	Correo electrónico - Fax	Teléfono
	Código Postal	Concello	Provincia
<b>REPRESENTANTE</b>	NIF, DNI, Tarxeta de residencia	Nome e apelidos ou razón social	
	Enderezo	Correo electrónico - Fax	Teléfono
	Código Postal	Concello	Provincia

**SOLICITA:** A reserva dunha praza no Centro de Día do Concello de Ribeira de Piquín, coa prestación dos seguintes servizos:

A) SERVIZOS DE MANUTENCIÓN E TRANSPORTE

Servizos	
Almorzo	
Comida	
Merenda	
Transporte	

B) HORARIO PREVISTO DE ASISTENCIA AO CENTRO:

- Entre 8:30 - 19:30.- Xornada Completa
- Entre 8:30 - 13:00.- Media xornada de mañá sen comida
- Entre 8:30 - 15:00 .- Media xornada de mañá con comida
- Entre 13:30 - 19:30 .- Media xornada de tarde con comida
- Entre 15:00 - 20:00.- Media xornada de tarde sen comida

**DOCUMENTACIÓN que se achega á solicitude:**

- Informe médico actualizado, segundo modelo establecido, do seu estado físico e psíquico, coa posoloxía do tratamento farmacolóxico a subministrar e, de ser o caso, as dietas especiais a seguir, as axudas técnicas prescritas e as necesidades asistenciais e limitacións relevantes.
- Fotocopia cartilla sanitaria.
- Fotocopia DNI.
- Fotocopia do Libro de Familia.
- Certificado de empadramento e de convivencia.
- Fotocopia do Certificado de Discapacidade si o tivese.

